

Resolución do 26 de novembro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

As características do mercado laboral e do escenario económico actual precisan o impulso dunha formación profesional en permanente evolución, con capacidade de adaptación aos cambios do contorno produtivo e ao novo modelo económico baseado no coñecemento como forza impulsora.

É preciso camiñar cara a un sistema de formación profesional máis áxil, flexible e eficiente, estreitamente vinculado ás demandas formativas da poboación e ao impulso de valores como a creatividade, a innovación e o traballo en equipo, así como á estimulación do espírito emprendedor.

Neste sentido, a "Estratexia Europa 2020", proposta pola Comisión Europea, incorpora como un dos seus obxectivos o impulso dunha formación profesional que propicie novas experiencias nos campos da innovación, da calidade, da creatividade e do emprendemento.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe no seu preámbulo como principio fundamental a necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir unha educación de calidade, o que esixe o esforzo compartido por parte do alumnado, o profesorado, as familias, os centros docentes e as administracións educativas. No artigo 1 establece como fin da educación o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa. No artigo 102.3 afirma que ás administracións educativas lles corresponde fomentar programas de investigación e innovación.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, prevé a estimulación do espírito emprendedor, facendo no seu preámbulo especial incidencia na modernización da formación profesional e establecendo como obxectivo estratéxico a revitalización da opción da aprendizaxe profesional.

A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, no seu capítulo I –Educación en emprendemento–, incorpora medidas para que a xente nova adquiera, a través do sistema educativo, as competencias e as habilidades requiridas para emprender. Considérase necesario incorporar como obxectivo específico a idea do/da emprendedor/a e da cultura empresarial na formación profesional, encomendándolles ás administracións educativas a revisión e a adecuación dos currículos das ensinanzas regradas a estes novos obxectivos.

Para alcanzar este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través do programa Emprende, pon a disposición do seu alumnado e das persoas tituladas, de xeito gratuíto, espazos adecuados para a posta en marcha de proxectos empresariais viables, coas infraestruturas básicas e co asesoramento e a titoría do/da responsable de emprendemento nos centros educativos que conforman a Rede galega de viveiros de empresa.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na disposición adicional segunda, indica que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración con empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes, e establece como unha das finalidades desta colaboración o desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.

A innovación na formación profesional e o fomento da relación entre os centros educativos e as empresas permitirá a transformación do coñecemento e da creatividade en produtos e servizos que se integren no mercado, incrementando a competitividade das nosas empresas, algo se cabe máis relevante nun contexto como o derivado da crise da COVID-19.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere impulsar iniciativas e proxectos innovadores no ámbito da formación profesional. Valoraranse, en especial, os proxectos nos que se fomente a colaboración do profesorado e do alumnado dos centros educativos de formación profesional con empresas e institucións do seu contorno, e con outros centros educativos, así como os proxectos que impliquen unha mellora na calidade da formación e na empregabilidade e a inserción laboral do alumnado, favorecendo o acceso da muller aos perfís profesionais relacionados con profesións STEAM e actividades industriais, así como o acceso dos homes a sectores que contan con escasa representación masculina, fomentando o emprendemento e a aparición de novas iniciativas empresariais, especialmente aquelas que sexan susceptibles de pórse en marcha na Rede galega de viveiros de empresa.

De acordo co anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral,

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

Esta resolución ten por obxecto convocar premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Preténdese potenciar as iniciativas innovadoras, o traballo colaborativo e a transferencia de coñecemento entre centros educativos, empresas e/ou outras entidades, procurando a calidade e a excelencia na formación profesional, e o fomento do emprendemento.

Artigo 2. Modalidades

Os proxectos adecuaranse a algunha das seguintes modalidades:

1. Modalidade A: Innovación tecnolóxica ou científica

Estes proxectos terán como obxectivo a xeración de innovación tecnolóxica ou científica, que redunde na mellora de procesos de produción e/ou de prestación de servizos. Estarán orientados a impulsar a transferencia tecnolóxica entre os centros educativos e o contorno produtivo. Ademais, estes proxectos deberían ter unha incidencia significativa na futura inserción laboral do alumnado e na súa empregabilidade, favorecendo a aparición de oportunidades laborais e iniciativas empresariais.

2. Modalidade B: Innovación didáctica

Nesta modalidade inclúense proxectos que teñan como obxectivo a creación de materiais ou recursos didácticos que supoñan unha clara innovación nalgunha das familias profesionais. Estarán orientados á introdución e á aprendizaxe de novos contidos, tecnoloxías avanzadas, e instrumental ou maquinaria na aula ou no taller, favorecendo o desenvolvemento de entornos virtuais de aprendizaxe, potenciando o deseño de materiais didácticos, deseño de prototipos ou simuladores, laboratorios para prácticas ou maquetas, aplicacións informáticas, etc. Ademais, eses materiais deben ser doadamente trasladables a outros centros educativos onde se impartan as ensinanzas para as que foron deseñados.

Artigo 3. Candidaturas

1. A solicitude será presentada por un centro educativo de formación profesional dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. O centro solicitante actuará como centro coordinador do proxecto.
2. O proxecto ten que ser colaborativo e contar cun mínimo de dous participantes. Deberán figurar como socios outros centros educativos de formación profesional, entidades ou empresas, a nivel autonómico. Non obstante, unicamente poderán obter financiación a través desta convocatoria os centros educativos de formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

3. Un centro poderá participar en máis dun proxecto, sempre que os obxectivos de cada proxecto, os centros, as entidades e as empresas participantes non sexan os mesmos.
4. Un/unha docente do centro solicitante asumirá as funcións de coordinador/a do proxecto, co fin de asegurar o contacto e a comunicación regulares entre os/as participantes, promover unha colaboración eficaz e facilitar a distribución e a realización do traballo en equipo. Encargarase, ademais, da elaboración da documentación de seguimento do proxecto en caso de ser requirida, así como da presentación da memoria final do mesmo.
5. No resto de centros, empresas ou entidades participantes existirá unha persoa interlocutora ou responsable. No caso dos centros educativos, a persoa responsable será un/unha docente do centro.

Artigo 4. Documentación

Para participar nesta convocatoria o centro coordinador presentará unha solicitude por cada proxecto que coordine, que deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1. Instancia de solicitude, segundo o modelo do anexo I.
2. Descrición do proxecto seguindo as epígrafes establecidas no anexo II. A extensión máxima será de 20 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial, tamaño 12 puntos e entreliñado sinxelo, e poderá incluír material gráfico.
3. Orzamento do proxecto segundo o modelo do anexo III, no que se detallará:
 - a. Orzamento total do proxecto, que non superará os 50.000 € (cincuenta mil euros) na modalidade A, nin os 30.000 € (trinta mil euros) na modalidade B.
 - b. Orzamento individual para cada centro educativo, que inclúa os gastos para as actividades do proxecto, gastos de desprazamento, aloxamento e manutención das persoas participantes, alugamento de salas e material audiovisual e informático, gastos de persoal, gastos de materiais funxibles, gastos indirectos de funcionamento, etc.
4. Compromiso formal de participación no proxecto por parte da persoa representante das empresas ou entidades que figuren na solicitude, así como a descrición concreta da achega que realicen. A participación da empresa debe contemplarse como copartícipe no desenvolvemento dun produto ou servizo innovador, non como mera provedora.
5. Autorización da dirección de cada centro educativo para a participación do profesorado implicado no proxecto.

Artigo 5. Prazo e forma de presentación

1. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<http://www.edu.xunta.es/fp>) ata o 31 de xaneiro de 2021.
2. As solicitudes, xunto coa documentación indicada no artigo 4, poderanse presentar no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros provinciais dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de acordo coas condicións establecidas no citado precepto. No caso de proceder ao envío nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa selada e cuñada polo/a funcionario/a de Correos antes de ser certificada. Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación a través do correo fpinnova@edu.xunta.es dentro do prazo establecido.
3. Logo de finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe de proxectos presentados a esta convocatoria na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<http://www.edu.xunta.es/fp>). Nesa mesma listaxe requirirase aos centros cuxa solicitude presente defectos formais ou omisión dalgún documento esixido para que, nun prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe,

emenden ou completen a documentación da súa solicitude. De non facelo, daranse por desistidos da súa petición.

Artigo 6. Comisión de selección

1. Os proxectos presentados que se axusten a esta convocatoria serán valorados por unha comisión presidida pola subdirectora xeral de Formación Profesional, ou persoa en quen delegue, e integrada por catro vogais, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou membro da Inspección Educativa. Actuará como secretario/a unha persoa asesora desta consellería, con voz pero sen voto.
2. A comisión, de ser o caso, poderá contar co asesoramento de especialistas, solicitados/as previamente pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Artigo 7. Dotación orzamentaria

1. O importe total destinado para esta convocatoria será de 800.000 € (oitocentos mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.422M.640.15 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dos orzamentos de 2021. O gasto que se proxecta está condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio do ano 2021, en trámite parlamentario. Esta resolución tramítase ao abeiro da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.
2. As dúas modalidades (A e B) terán os importes e a distribución seguintes:

Modalidade	Dotación económica
Modalidade A	500.000 € (cincocentos mil euros)
Modalidade B	300.000 € (trescentos mil euros)

3. Por acordo motivado da comisión de selección poderase modificar esa distribución, mantendo sempre o importe total destinado á convocatoria.

Artigo 8. Criterios de valoración

Para a valoración dos proxectos teranse en conta os seguintes criterios:

1. *Criterios comúns ás dúas modalidades: ata un máximo de 60 puntos.*
 - a) Carácter innovador do proxecto (20 puntos).
 - b) Viabilidade e coherencia no plan de traballo previsto: adecuación dos obxectivos do proxecto a algunha das modalidades, relación entre as actividades, metodoloxía, distribución temporal, organización e utilización dos recursos humanos e materiais do proxecto coa consecución dos obxectivos propostos, e adecuación entre o orzamento e os resultados esperados (8 puntos).
 - c) Participación activa doutros centros educativos, empresas ou entidades con capacidade innovadora: transferencia de coñecemento aos centros educativos (8 puntos).
 - d) Participación do alumnado do centro educativo. Relevancia do proxecto na formación do alumnado e incorporación de valores que favorezan a igualdade de xénero (8 puntos).
 - e) Mellora da empregabilidade e inserción laboral do alumnado a partir da realización do proxecto (8 puntos).
 - f) Plan de avaliación do proxecto. Resultados previstos. Indicadores. Nivel de concreción para a difusión dos resultados e dos logros (8 puntos).

2. *Criterios específicos para os proxectos presentados á modalidade A: ata un máximo de 40 puntos.*
 - a) Nivel de impacto previsible do proxecto no contorno produtivo, desde o punto de vista tecnolóxico e ambiental. Grao de transferencia e resposta do proxecto a un reto da empresa, dos procesos de produción ou de prestación de servizo. Posibilidade de aproveitamento no mundo empresarial (20 puntos).
 - b) Apertura de oportunidades laborais a través de iniciativas de emprendemento para o alumnado implicado (10 puntos).
 - c) Estratexias que fomenten a participación activa do alumnado en actuacións derivadas do desenvolvemento do proxecto (10 puntos).
3. *Criterios específicos para os proxectos presentados á modalidade B: ata un máximo de 40 puntos.*
 - a) Aplicación práctica á aula, relevancia e grao de incidencia que a innovación teña para o centro no desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe, e da súa utilidade para outros centros educativos onde se impartan as ensinanzas para as que foron deseñados (15 puntos).
 - b) Nivel de concreción na descrición dos recursos educativos ou materiais didácticos que se espere obter como resultado da realización do proxecto: aspectos relativos á elaboración e á presentación de contidos (guías, manuais de prácticas, unidades didácticas, libros dixitais, material web, etc.), elaboración de maquetas e/ou prototipos (memoria descritiva, planos, listaxe de material, orzamento, etc.), sitios web, aplicacións de software, material audiovisual multimedia, etc. (15 puntos).
 - c) Estratexias que fomenten a participación activa do alumnado en actuacións derivadas do desenvolvemento do proxecto (10 puntos).

Artigo 9. Formación asociada

1. Os proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e os proxectos de innovación didáctica non levarán formación asociada e, xa que logo, non se poderá incluír unha partida económica destinada a este fin.
2. A formación necesaria para a execución do proxecto poderase realizar a través da convocatoria de proxectos de formación en centros para profesorado de FP da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Artigo 10. Resolución

1. Os proxectos seleccionados recibirán un premio, que poderá ser inferior ao orzamento presentado para a execución do proxecto.
2. A comisión de selección, logo de valorados os proxectos presentados, realizará unha proposta de resolución de concesión de premios, que trasladará ao secretario xeral de Educación e Formación Profesional, quen ditará resolución.
3. A resolución de concesión de premios, na que se incluírán os proxectos seleccionados e o importe do premio asignado a cada un deles, publicárase na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Artigo 11. Pagamento dos premios

1. O importe do premio será transferido ao centro coordinador nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2021.

2. O centro coordinador, á súa vez, será o encargado de transferir ao resto de centros educativos participantes a contía que lles corresponda. No caso de que a contía do premio sexa inferior ao orzamento total do proxecto, as contías indicadas no orzamento para cada un dos centros educativos participantes veranse reducidas na mesma porcentaxe.
3. Os centros xustificarán os pagamentos do importe do premio de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo (DOG do 4 de abril), polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica nos centros docentes públicos non universitarios. O importe dos premios terá a consideración de partida finalista, xa que logo, requirirá unha xustificación individual, de xeito que se farán constar os ingresos e os gastos.
4. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 31 de decembro de 2021.

Artigo 12. Desenvolvemento e xustificación do proxecto

1. Os proxectos seleccionados deberán desenvolverse durante o ano 2021.
2. A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional realizará o seguimento dos proxectos mediante visitas aos centros educativos polo persoal que determine, podendo solicitar informes adicionais se o considera oportuno.
3. O centro coordinador remitirá á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, antes do 31 de marzo de 2022, a memoria final do proxecto, coas epígrafes que se indican no anexo IV.
4. A non entrega da memoria final do proxecto no prazo indicado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debéndose proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan exixir.

Artigo 13. Certificación

O profesorado implicado dos centros premiados nesta convocatoria recibirá unha certificación de premio de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para o docente coordinador e 20 horas para o profesorado participante.

Artigo 14. Compromisos dos centros educativos seleccionados coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Os centros seleccionados comprométese a participar nas accións de difusión e publicación das experiencias que se organicen, especialmente nos eventos relacionados coa innovación na FP, así como á cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dos dereitos de explotación, edición e difusión.

Artigo 15. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.



Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2020.

José Luis Mira Lema

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional